

## INICIACIÓN MUSICAL (nenos de 3-6 anos)

**Contidos e Metodoloxía:** Na educación musical non existe máis que unha meta única e clara que consiste en que o neno ame a música sendo, dende un principio, receptor activo da mesma. O comezo ideal está no Ciclo Preescolar, momento no que o neno está en plena adquisición da linguaxe, pide información, e participa no xogo imaxinativo e creador.

Hai que despertar-lo interese auditivo dos nenos. O estímulo da curiosidade e a atención cara a todo fenómeno sonoro, é o camiño máis seguro para a sensibilización do oído, preparándoo para a comprensión e execución musical.

O noso punto de partida é o canto, que camiña paralelamente co desenvolvemento auditivo e, dende aquí, emprenderemos unha lenta e programada “viaxe” cara o coñecemento dos sons, a súa representación gráfica (escritura) e, finalmente, ó recoñecemento das leis que o rexen.

O proceso de desenvolvemento da linguaxe e da música camiñan paralelamente. Entre os 3 e os 6 anos o neno vive unha etapa sensorial, e é neste intervalo de tempo, onde traballaremos dun xeito oral e auditivo (imitación de sons, de palabras, melodías...).

Todo coñecemento intelectual ven a través dos sentidos. Baseándose na experiencia, sabemos que sería un grave erro psicolóxico situar ó neno “nesa pequena cidade” chamada pentagrama, sen antes ter vivido unha preparación musical, porque non se pode nen se debe ensinar Teoría musical, desvinculada dunha realidade sonora; a Teoría é unha consecuencia natural da experiencia práctica e sensorial.

Dende o punto de vista global, traballamos para que a música sexa vivida como unha linguaxe viva, natural... Os xogos musicais irán cubrindo un campo de experiencias básicas, sobre o que poderá encararse máis tarde unha sistematización dos coñecementos musicais.